

A. G.
A ILLA

Roberto Mera (Ponteareas, 1971) estará o sábado no Auditorio da Illa de Arousa a partires das 19.00 horas para presentar o seu libro "Alejandro Viana. Un galego á fronte do resgate dos refuxiados republicanos", publicado pola editorial Belagua. Avo-gado e politólogo Mera foi concelleiro en Ponteareas ata o pasado mes de Maio.

—**Quen era Alejandro Viana?**

—Uff. Esa é unha prefunta moi ampla. Digamos que foi un persoeiro que naceu en 1870 no seo dunha familia humilde de Ponteareas e que con 14 marchou para Vigo. A partires daí iníciase unha das tres etapas da súa vida. Esta primeira levarao a converterse nun industrial de éxito vencellado á exportación de conservas, pero tamén a entrar na política, sendo concelleiro republicano e, por un breve espazo de tempo alcalde de Vigo cando demitiu Gregorio Espino. Republicano, tamén foi presidente provincial de Izquierda republicana, o que o levou a ser deputado nas Cortes Xerais españolas como candidato da Fronte Popular. El foi unha das persoas que entregou o Estatuto de Autonomía de Galiza antes de que se dese o Golpe de Estado. É unha das persoas que aparece nas fotografías dese momento.

—**Atopábase en Madrid cando foi o golpe de Estado do xeneral Franco?**

—Si, estaba alí como deputado. Ese foi o inicio da segunda fase da súa vida, que se converteu nunha odisea continua. Participou na última sesión do Goberno da República no Castelo de Figueres antes de fuxir a Francia, donde se integrou no mesmo, asumindo a responsabilidade da evacuación dos republicanos, unha figura que se creou dentro do goberno de Negrín no exilio.

—**Como foi o seu traballo?**

—Era o encargado de organizar os embarques para sacar milleiros de refuxiados camiño de América. Entre abril e setembro fletáronse os barcos máis importantes do exilio. Chegaron a saír 8.000 refuxiados en barcos como o Winnipeg, en cuxo embarque tratou con Neruda, que era o embaixador chileno. Acabou sendo nomeado director do servizo de evacuación a finais do 39, encargándose non só dos embarques, senón tamén da atención médica aos refuxiados, exercendo ese cargo ata

ROBERTO MERA ■ Autor do libro sobre Alejandro Viana

“A Ley de Memoria Democrática é necesaria, pero non suficiente”

“Existe unha débeda con xente como Viana e publicar este libro é unha forma de resarcilos, de acabar con esa situación anómala”



Roberto Mera durante un Club Faro. // Ricardo Grobas

mediados do ano 40. Tamén exerceu neses intres a representación en París de varias entidades que xestionaban a saída de refuxiados en barcos de liña regular. Calculo que deberán saír uns 17.000 refuxiados desde Francia, a maioría a México, grazas a ese traballo que desenvolveu ata a chegada dos alemáns a París.

—**Sendo un destacado republicano, tivo problemas coa presenza alemana en París.**

—Nese mes de xuño do ano 1940 fuxe a Burdeos, desde onde fleta o último barco que tiña por nome “SERE” (Servicio de Evacuación de Refugiados Españoles). Tivo a ocasión de fuxir, pero optou por quedarse porque consideraba unha obriga axudar aos refuxiados. No verán do ano 40 sofre un intento de secues-

tro, similar ao que sufriron outros republicanos, pero el consegue eludilo grazas a un confidente. Cruza Francia, e tras varios meses agochado sube a un barco que ía cheo de xudeus e con 200 refuxiados españois que ían camiño de Bos Aires.

—**E comeza o exilio en México.**

—Inda tardou once meses porque o barco no que viaxaba quedou retido en Senegal e non puido cruzar o Atlántico, véndose obrigado todo o pasaxe a vivir nel cinco meses. Despois diso acabaron nun campo de concentración preto de Casablanca e, tras moitas xestións, sobre todo con diplomáticos mexicanos regresou a Marsella para embarcar en outubro de 1940 camiño de México, a onde chega en novembro. A partires daí comeza a terceira fase da súa vida. Participa da vi-

da política no exilio, tanto nas cortes como na fundación do Ateneo Español de México, merca unha farmacia e retoma a súa vida, xa que se reencontra coa súa muller despois de varios anos separados. Morrerá en 1952

—**Como chega Roberto Mera á vida de Alejandro Viana?**

—Son sobriño bisneto del, era irmán da miña bisavoa. Descubríno a través do meu avó, aínda que na familia sempre se falaba do tío Alejandro como unha persoa moi querida, citando tan só que fora deputado e que morrera, pero nunca que fora republicano e que morrera no exilio, algo que a min non se me confirmou ata o ano 2000, cando comecei a atar cabos e preguntei. Foi a partires daí cando inicié a investigación, o que me permitiu des-

cubrir unha vida impresionante da que non tiñamos coñecemento, e iso que había unha pegada documental moi extensa.

—**Que ocorre para que persoeiros como Viana apenas sexan coñecidos? Existe unha débeda con eles?**

—Que existe unha débeda é máis que evidente. Publicar este libro é unha forma de resarcir esa situación anómala. Calquera que se achegue á persoa de Alejandro Viana preguntábase como é posible que non se soubese nada deste home. Máis alá deses motivos, que son de aplicación a todos os exiliados/represaliados debido aos 40 anos de dictadura, dunha transición que enterrou todo e dunha memoria democrática que segue sendo motivo de controversia, no seu caso hai outros dous factores que o agravan. Por un lado, morreu sen descendentes directos e moi pronto no exilio, é dicir, non houbo un ámbito familiar con facilidade para gardar o seu legado. Polo outro, o seu partido era Izquierda Republicana, que desaparece durante a dictadura, co cal non ten un colectivo que poida manter ese legado e sacalo á luz como ocorreu cos galeguistas, os comunistas ou os socialistas en maior ou menor medida.

—**A Ley de Memoria Democrática estalles devolvendo a dignidade ou sacando do esquecemento ao que foron sometidos os seus nomes?**

—É certo que cambiou cousas, porque ata agora todo o que ten que ver con esta xente descansou sobre o voluntarismo de moitas persoas, investigadores ou familiares que chegamos a eles case de casualidade, como é o meu caso, porque na miña familia, si, falábase del, pero non de quen era, e se eu non tivese preguntado, probablemente quedaría no esquecemento. A Ley de Memoria Democrática é necesaria, pero non é suficiente. Hai que pór medios para que este tipo de traballo deixe de ser voluntarista. Si, ten unha vertente de reparación moral, que declara toda unha serie de cuestións sobre a dictadura, pero segue habendo forzas políticas que se opoñen a esa labor de recuperar a memoria democrática, outra das anomalías que nos deixou a Transición e que se segue arrastrando despois de 40 anos nun país que non é capaz de estar á altura, algo que si fixeron noutros países da contorna onde tamén viviron episodios semellantes.

R. A.
AROUSA

A Deputación de Pontevedra levanta o pano dunha nova edición do ciclo teatral “Tornar ás táboas”, que acégarrá, a longo dos tres últimos meses do ano, un total de 49 funcións gratuítas e dirixidas a todos os públicos a outros tantos concellos da provincia, entre os que se atopan varios da comarca do Salnés.

Este programa, que busca espallar a arte escénica e encher os escenarios dos espazos culturais dos municipios de menos de

A Deputación espalla o teatro por varios municipios da comarca do Salnés e Ullán

Impulsa funcións gratuítas en municipios de menos de 20.000 habitantes

20.000 habitantes contará coa participación de trinta compañías. A maior parte das actuacións que se van a celebrar nos concellos do Salnés e do Ullán terán lugar nos meses de outubro e novembro.

A primeira destas actuacións chegará ao Concello de Valga o

día 14, mentres que a Cambados faráo o 24 e a Pontecesures o 28. En novembro, están fixadas actuacións o día 19 en Portas e Catoira e o 24 na Illa de Arousa.

O programa arrancará o sábado en Moaña e prolongarase ata o 28 de decembro, data na que finalizarán as representacións cun-

ha actuación en Salvaterra do Miño.

No marco do apoio institucional provincial á escena galega, a vicepresidenta primeira da Deputación, Marta Fernández-Tapias, mantivo unha xuntanza con Santiago Cortegoso e Xoque Carbajal, presidente e responsable da comi-

sión de traballo de compañía con sede en Pontevedra da Asociación Escena Galega para ir perfilando como se ían acometer as representacións teatrais en todos estes concellos e cales serían as compañías participantes no evento.

Treinta compañías

Entre as que poderán estar na comarca atópanse nomes como Redrum Teatro, Olivas Negras, Matrioshka Teatro, A Cova das Letras, Artefeito, Brais das Hortas ou Fulano, Mengano e Citano entre outros.